

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 03 DE XULLO DE 2023

**COMUNICACIÓN ACORDO XUNTA GOBERNO LOCAL LISTAXES
DEFINITIVAS BOLSAS MUNICIPAIS ALUMNADO EOIV 2023**

PROCESO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA BOLSA

Prezado/a alumno/a, a Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 30/06/2023, adoptou o acordo de aprobar as listaxes definitivas das bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da EOIV no ano 2023 (Expte. 45025-332).

Conforme ao contido das bases da convocatoria, todos aqueles alumnos/as da EOIV que resultaron beneficiarios/as, deberán tramitar no seguinte enlace web

<http://vigo.org/bolsas-eoiv>

a aceptación expresa ou renuncia da bolsa, no prazo habilitado ao efecto contado dende o martes 4 ao venres 7 de xullo.

A ausencia de tramitación no prazo habilitado ao efecto, implicará a renuncia voluntaria á bolsa adxudicada

Logo da realización efectiva da estadia formativo- lingüística en destino , a tramitación do pagamento da contía subvencionada aprobada por parte da Xunta de Goberno Local a favor de cada beneficiario/a, farase trala presentación no Rexistro Xeral do Concello das correspondentes facturas dos custos subvencionables e coa aportación da certificación da EOIV na que conste a realización do programa por parte do alumno/a.

En calquera caso, esta xustificación deberá realizarse polo beneficiario/a antes do 31 de outubro de 2023.